



CIRCULAR INFORMATIVA 18/2025

1. RESUMO DOS ACORDOS TOMADOS NA XUNTA DE GOBERNO DO 30.09.2025

A Xunta de Goberno, na sesión do pasado 30.09.2025, tomou os seguintes acordos:

1. **Altas, baixas e cambios no censo de colexiación.** Aprobáronse dúas altas como colexiados/as exercentes, dous cambios de exercentes a non exercentes, unha baixa dun exercente e dúas baixas de non exercentes.
2. **Altas, baixas e cambios na quenda de oficio,** aprobáronse cinco baixas nos distintos partidos xudiciais e unha alta no partido xudicial de Santiago.
3. **Informes de honorarios.** Aprobáronse 40 informes de honorarios para taxacións de custas (35 de materia bancaria e 5 sobre outras materias). No que vai de ano emitíronse 395 informes.

Estes ditames de honorarios para taxacións de custas elabóranse por orde de entrada no colexio (Lexnet). Agora mesmo estanse a elaborar os que se recibiron no mes de xullo de 2025.

4. **Dilixencias de información previa e expedientes disciplinarios.** Unha vez tramitadas as correspondentes dilixencias informativas, acordouse o arquivo de catro queixas contra letrados/as.

Así mesmo, acordouse aprobar a proposta de sanción nun expediente disciplinario no que se sanciona a un letrado por non lle devolver documentación a un cliente.

5. **Bolsas de asistencia ao Congreso de Violencia de Xénero en Lugo.** Acordouse conceder as 10 bolsas dispostas para estas axudas aos 10 letrados/as que as solicitaron.
6. **Licenzas de correo electrónico @icasantiago.org.** Unha vez que o CGAE nos cargou o recibo correspondente ás 223 licenzas que o colexio contratou para as contas de correo @icasantiago.org, acordouse xirar o dito recibo aos colexiados/as que se deron de alta neste servizo. O recibo individual será de 16 euros ao ano máis IVE (19,36 € anuais).

7. **Creación dunha canle ou lista de difusión de Whatsapp para comunicar novas colexiais.** Aprobouse a creación dunha nova canle ou lista de difusión por Whatsapp dirixidas aos colexiados/as. Trátase dunha lista de difusión, non un grupo, polo que non se poderán ver os contactos que figuran na lista, en cumprimento da normativa de protección de datos. Proximamente remitirase por circular un formulario para darse de alta nesta lista de difusión.

Así mesmo, estase a preparar unha sección na páxina web do colexio de *newsletter*, na que se publicarán trimestralmente as novidades máis relevantes en relación coa profesión.

2. CONVENIO DE COLABORACIÓN CON UNAYTA

O pasado 24 de setembro asinou un convenio de colaboración con Unayta Ofinas sin Papeles para ofrecerlles aos colexiados/as servizos específicos en materia de transformación dixital nunhas condicións preferentes. O texto deste convenio pode consultarse na páxina web do colexio (Acceso libre > Portal de transparencia > Convenios > Con entidades privadas).